

Preguntas frecuentes Tarxeta Benvida

1. Onde podo utilizar a miña Tarxeta Benvida?

Este tarxeta só pode ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia. Non ten operatividade como medio de disposición de efectivo en caixeiros automáticos, oficinas bancarias nin ningunha outra rede de disposición de efectivo.

2. Como podo saber o meu saldo?

Poderás coñecer o saldo do túa tarxeta en todo momento e de forma totalmente gratuíta a través de:

- www.damemisaldo.com de ABANCA
- O ticket dunha TPV ABANCA onde realizases algunha operación coa Tarxeta Benvida
- Os caixeiros de ABANCA, onde tamén poderás consultar os últimos movementos

3. Vixencia da miña tarxeta

A data de caducidade da Tarxeta Benvida aparece estampada no anverso da propia tarxeta.

4. Esquecín o PIN da miña tarxeta

Remite un correo electrónico á dirección electrónica tarxetabenvida.familia@xunta.gal

5. Marquei tres veces mal o PIN e bloqueouse a tarxeta

Remite un correo electrónico á dirección electrónica tarxetabenvida.familia@xunta.gal

6. Roubáronme ou perdín a miña tarxeta

Se extraviaches o túa tarxeta ou sospeitas que cha poden roubar, debes comunicalo inmediatamente á dirección electrónica tarxetabenvida.familia@xunta.gal ou ao teléfono de información 012 e comunicalo ao correo 012@xunta.gal.